

MEMORIA ANUAL

Cambados e Vilagarcía de Arousa



ANO 2021



“A esencia das persoas vai máis alá das súas capacidades”.

DATOS PRINCIPAIS



¿Dónde estamos?



CAMBADOS

986 521 098 / 678 481 719

Rúa Sanxenxo nº8, 36634 Cambados

Lunes a viernes de 8:00 a 20:00

RUEPSS E-5935-C1



VILAGARCÍA DE AROUSA

986 189 102 / 604 098 991

Rúa Concha nº4, 36600 Vilagarcía de Arousa

Lunes a viernes de 8:00 a 20:00

RUEPSS E-5935-C2



centrodedia@lembranzas.es



De 8:00-20:00 h




¿En qué consiste?

O Centro de Día Lembranzas é un centro de iniciativa privada con ánimo de lucro de atención diurna que ten como fin promover, e en ocasións manter, un adecuado estado de **saúde, benestar e calidade de vida** das persoas:

- Maiores con diferentes graos de dependencia física e/ou psíquica.
- Con limitacións no desempeño das actividades diarias.
- Independentes.

Para iso realízase unha **estimulación integral** tendo en conta as múltiples características e capacidades residuais dos propios usuarios/as, así como as súas inquietudes e prioridades, favorecendo a **autoestima e autonomía persoal** e axudando a previr así o deterioro derivado da idade e o illamento social.



¿Qué ofrecemos?

Un espacio onde a persoa maior obtén os recursos que precisa para mellorar a súa calidade de vida a través dunha estimulación integral no seu entorno habitual. Por outro lado, o cuidador/familiar reduce a sobrecarga que acumula, consciente de que o seu maior recibe unha atención profesional con un trato familiar.

OS NOSOS PUNTOS FORTES:

- Espazos luminosos e acolledores.
- Equipo profesional cualificado, creativo e motivado.
- Atención personalizada.
- Estimulación integral.
- Proporcionar apoio e asistencia ás familias.



¿Qué beneficios aporta?

- Mellora a calidade de vida.
- Potencia a independencia e autonomía persoal.
- Promove a saúde e prevén a enfermidade.
- Ralentiza o deterioro cognitivo e/ou físico derivado do proceso de envellecemento e/ou de diferentes patoloxías.
- Fomenta a súa interacción e integración social.
- Favorece a conciliación persoal, laboral e familiar.



Especialidades

- Envelhecimento activo.
- ACV (isquémico e hemorráxico).
- E. de Párkinson.
- E. Alzheimer e outras demencias.
- Depressión e ansiedade.



SERVIZOS ASISTENCIAS




Alimentación e nutrición

Obxetivos:

- Promover o mantemento da propia saúde.
- Adquirir hábitos de vida saudables.
- Incrementar o coñecemento sobre os valores nutricionais dos alimentos saudables e non saudables.

Intervención:

Lévanse a cabo talleres informativos nos que se inculcan hábitos de vida saudables (dieta equilibrada, hidratación e exercicio físico) e conciénciase sobre a súa importancia nesta etapa da vida.



INFORMACIÓN NUTRICIONAL		
	Valores medios por 100g de producto	Valores medios por 20g de producto*
Valor energético:	2384 kJ (576 kcal)	477 kJ (115 kcal)
Proteínas:	10 g	2.0 g
Hidratos de carbono:	21 g	4.3 g
de los cuales azúcares:	15 g	3.0 g
Grasas de las cuales:	47 g	9.4 g
Saturadas:	29 g	5.8 g
Monoinsaturadas:	15 g	2.9 g
Poliinsaturadas:	1.6 g	0.3 g
Fibra alimentaria:	15 g	2.9 g
Sodio:	0,006 g	0,001 g

*20 g de producto corresponden aproximadamente a 2 onzas




Control de saúde básico

Obxetivos:

- Promover o mantemento da propia saúde e prever a enfermidade.
- Adquirir hábitos de vida saudables.
- Potenciar o coñecemento e independencia na toma de medicación.
- Manter o máis estable posible os niveis de glicosa en sangue.
- Prever a aparición de úlceras por presión e manter unhas boas condicións cutáneas.

Intervención:

Faise unha revisión do historial médico e realízase unha valoración do estado de saúde no momento do ingreso, facendo un seguemento periódico.



- Facilitase a administración de medicación mediante pastilleiros.
- Apórtase información sobre características relevantes da medicación.
- Detéctase o risco da aparición de úlceras por presión e tómanse as medidas preventivas precisas.
- Faise unha revisión semanal da tensión arterial e control de peso.
- Lévese un control e seguemento dos niveis de glicosa en sangue en persoas que presenten Diabetes tipo II e que precisen insulina.



Aseo e hixiene persoal

Obxetivos:

- Manter unhas condicións óptimas de hixiene e aseo diarios.

Intervención:

Establécense rutinas de hixiene e aseo que se adestran nos aseos xeriátricos con mobiliario adaptado, sempre baixo supervisión e/ou ofrecendo apoio físico e/ou verbal.



Apoio nas AVD

As actividades da vida diaria son todas aquelas que facemos de forma cotiá, e as limitacións e dificultades presentes no seu desempeño conlevan en maior ou menor medida a un grado de dependencia. Por isto teñen un gran impacto para a persoa a nivel socio-familiar e económico.

Obxetivos:

- Manter o máximo nivel de independencia nas actividades da vida diaria, tanto nas básicas como nas instrumentais.

Intervención:

Ofrécese asistencia e/ou apoio nas AVD dos usuarios que o precisen, entre as que destacan:

- Preparación da comida e alimentación.
- Coidado, aseo e arreglo persoal.
- Vestido.




Asesoramento ás familias

Obxetivos:

- Incrementar o coñecemento sobre a evolución das enfermidades e patoloxías da persoa maior.
- Adoptar estratexias de actuación ante alteracións de conducta ou humor da persoa maior.
- Favorecer a conciliación familiar e laboral.

Intervención:

- Proporciónase información sobre os procesos e etapas que teñen lugar no envellecemento e como os percibe o propio maior e o seu entorno, así como pautas e estratexias de cómo responder ou afrontar os cambios de humor, sentimentos de apatía ou tristeza que poidan xurdir no proceso.
- Ofrécese información acerca dos recursos dispoñibles para conciliar adecuadamente a vida familiar e laboral.





SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Perruqueria



SERVIZOS
TERAPÉUTICOS



Terapia Ocupacional

“É unha disciplina que se ocupa da promoción da saúde e benestar a través da ocupación. O principal obxectivo é capacitar ás persoas para participar nas actividades da vida diaria. Os terapeutas logran este resultado mediante a habilitación dos individuos para realizar aquelas tarefas que optimizarán a súa capacidade para participar, ou mediante a modificación do entorno para que éste reforce a participación”.

(Federación Mundial de Terapia Ocupacional (WFOT))



ADESTRAMENTO DAS AVD:

Co adestramento das AVD estímúlanse as praxias, gnosias e funcións executivas relacionadas coas tarefas diarias.

Tal e como plantexa o marco de traballo para a práctica da terapia ocupacional (AOTA), as AVD dívidense en:



Actividades Básicas da Vida Diaria (ABVD):

Son actividades que se realizan de forma automática, relacionadas co autocuidado e mobilidade dun mesmo (alimentación, aseo, vestido, mobilidade funcional, etc...)



Actividades Instrumentais da Vida Diaria (AIVD):

Son actividades máis complexas que requiren unha interacción co entorno inmediato que nos rodea (manexo dos cartos, coidado do fogar, uso do teléfono, etc...)



Actividades Avanzadas da Vida Diaria (AAVD):

Son actividades de ocio e laborais, as cales requiren unha maior dificultade á hora de realizalas.

Obxetivos:

- Potenciar a independencia e autonomía persoal.
- Favorecer ó máximo a colaboración da persoa no desempeño das actividades diarias.

Intervención:

Realízanse actividades de capacitación nas actividades diarias nas que existen dificultades. De este modo, cando unha persoa presenta limitacións e dependencia en certas AVD, favorécese a súa colaboración o máximo posible, proporcionando apoio físico (moldeado) e/ou verbal (indicacións verbais) e modelado (imitación).








Compra e manexo de
cartos



Taller de cocina



Taller de xardiñeiría



Taller de arreglo
persoal



ESTIMULACIÓN MULTISENSORIAL:

É unha terapia que provoca un despertar sensorial a través de estímulos e actividades significativas, e partindo sempre das necesidades das persoas.

Obxetivos:

- Mellorar as condicións de vida das persoas que presentan déficits a nivel sensorial.
- Optimizar a relación co entorno mediante a mellor comprensión dos estímulos sensoriais.


Intervención:

Ofrécense estímulos e elementos a nivel sensorial (a nivel táctil, propioceptivo, olfativo, gustativo, visual e auditivo) para traballar as sensacións e a percepción das persoas e posteriormente facer unha interpretación. Este ano incorporamos o uso dunhas gafas de realidade virtual, algo novedoso e asombroso para os usuarios.



PSICOMOTRICIDADE:

Obxetivos:

- Promover o autodomínio do corpo, a relación e comunicación cun mesmo e con outros obxetos e persoas do espazo que o rodea.
 - Favorecer as relacións interpersoais e autoestima.
 - Mellorar as habilidades motoras voluntarias e automáticas e os reflexos.
 - Potenciar as habilidades manipulativas, a motricidade grossa e fina (pinza fina, forza de presión, precisión...).
 - Incrementar as funcións visuoespaciais, a coordinación dinámica xeral e a coordinación óculo-manual e bimanual.
 - Manter un adecuado equilibrio estático e dinámico.
 - Mellorar o esquema corporal, a conciencia do propio corpo e o control e independencia de movemento, así como a lateralidade.
- 

Intervención:

Lévanse a cabo sesións nas que se realizan xogos lúdicos, populares e dinámicos de forma grupal:

- Pasar a pelota.
- Os bolos.
- A diana.
- O baloncesto (encestando unha pelota a través dun aro).
- Apuntar unha pelota por orificios de diferentes tamaños feitos nunha caixa.
- Encestar uns aros en conos colocados a diferentes lonxitudes.
- Un xogo de pesca.
- O xogo do golf.
- O truquel.
- O trompo.
- As canicas.
- O twister adaptado.
- ...




Tamén se fan actividades de grafomotricidade e manipulativas como:

- Colocación de anelas e pinzas en paus de diferentes alturas.
- Exercicio de costura e de enhebrar un cordón por orificios (incluso seguindo a orde dos números).
- Laberinto motriz.
- Exercicios de discriminación e colocación de obxectos pequenos ou finos.
- Exercicios de enroscar tapóns implicando un compoñente cognitivo.
- Xogos de quitar pezas ou imaxes con velcro.
- Tarefas manuais de AVD (botóns, broches, corchetes, cremalleira...).
- Torre de madeira (para insertar paus segundo a cor, enroscar tuercas e enhebrar un cordón por anelas).
- Xogos de asociación con pinzas implicando un compoñente cognitivo.
- Masa terapéutica con patróns e formas a seguir.
- ...



Levbranzas

CENTROS DE DÍA



ASESORAMIENTO SOBRE ACCESIBILIDADE E PRODUTOS DE APOIO:

Obxetivos:

- Identificar e suprimir barreiras arquitectónicas do entorno.
- Favorecer a implicación e participación nas actividades diarias.

Intervención:

- Adóptanse estratexias para adaptar as actividades.
- Facilitanse produtos de apoio, adaptando os obxetos a utilizar segundo as necesidades e habilidades de cada persoa maior (por exemplo, engrosar o mango dunha cubertería ou lápiz para que poida suxeitalo unha persoa que presenta limitacións articulares como resultado dunha artrosis/artritis).
- Apórtanse importantes sinais verbais, pautas e recomendacións para que os maiores poidan realizar as actividades diarias de forma adecuada e segura no seu fogar.



Adestramento físico

Lévanse a cabo tarefas e exercicios activos que implican todo tipo de movemento físico e accións motoras.

Obxetivos:

- Previr un deterioro físico.
- Manter as capacidades residuais dos usuarios.
- Tratar determinadas patoloxías a nivel físico.
- Potenciar as habilidades motrices, o grado de movemento corporal e a independencia física.
- Previr posibles caídas.



XERONTOXIMNASIA:

Consiste en traballar as diferentes partes do corpo aplicando diferentes modalidades de exercicios físicos programados, pautados e guiados por un profesional.

Obxetivos:

- Obter unha sensación de benestar e relaxación física.
- Incrementar a forza muscular.
- Mellorar o rango e mobilidade articular de membros superiores e inferiores.
- Previr retraccións e rixideces musculares.
- Manter unha boa flexibilidade e elasticidade.
- Manter unha adecuada resistencia física.



Intervención:

- Realízanse movementos físicos repetitivos cos membros superiores e inferiores.
- Empréganse resistencias con pesas, gomas elásticas, pelotas de espuma e un aro de silicona para as mans, e pinzas de diferentes resistencias para os dedos.
- Utilízase unha escaleira de dedos, unha polea de brazos e rulos como movilizacións activo-asistidas instrumentais.
- Fanse sesións de relaxación nas que se masaxea a musculatura, se realizan movilizacións e estiramientos pasivos e activo-asistidos.





ADESTRAMENTO DA MARCHA:


Obxetivos:

- Favorecer unha deambulaci3n aut3noma.
- Previr posibles caídas.
- Mellorar as capacidades físicas para facer transferencias.
- Empregar correctamente os produtos de apoio para a mobilidade que se precisen.

Intervención:

Realízase un adestramento da marcha e equilibrio corporal camiñando por circuitos feitos con diferentes materiais, empregando se é preciso, produtos de apoio para a mobilidade como o bast3n, muleta, andador...ou cadeira de rodas cando é o caso.

Para elo, os nosos centros de día dispoñen dunha área de rehabilitaci3n na que se encontra o equipo e materiais precisos para levar a cabo este tipo de adestramento (unha bicicleta estática, un pedalier, barras paralelas e unha plataforma de madeira con escaleiras e rampa).





ERGONOMÍA POSTURAL:


Obxetivos:

- Aprender a levar a cabo actividades do día a día de forma sana e segura.
- Correxir malos hábitos posturais adquiridos ó longo do tempo.
- Favorecer a toma de conciencia dunha postura adecuada en todo momento.
- Menguar posibles riscos físicos como deformidades e rixideces osteoarticulares ou danos musculares.

Intervención:

Danse pautas e recomendacións acerca de como reducir a carga soportada pola espalda e que movementos ou esforzos son incorrectos e prexudiciais para a musculatura.

Ademáis dispoñemos de espellos para visualizar erros na postura e control corporal e poder supervisar que o uso dos produtos de apoio sea correcto e estén axustados ás medidas da persoa.




Terapias cognitivas

Obxetivos:

- Ralentizar o proceso de deterioro cognitivo.
- Activar e manter as capacidades mentais de forma integral.


Intervención:

Lévanse a cabo programas de estimulación cognitiva, previamente deseñados por un profesional, que articulan tarefas e actividades estruturadas que se realizan varias veces ó día, cunha duración de cada sesión de entre 45-60 minutos. Ó longo da sesión, os profesionais do centro brindan os apoios e axuda precisos a cada usuario.



Para a estimulación das funcións cognitivas básicas e superiores realízanse exercicios orais e/ou de lectoescritura con diferentes grados de dificultade, tendo en conta as habilidades cognitivas que presenta cada usuario e o seu nivel de alfabetización, e á súa vez que lles motive e interese. Estes exercicios divídense segundo as funcións cognitivas que se traballen:

- Orientación a realidade.
- Memoria.
- Linguaxe.
- Cálculo.
- Funcións executivas.
- Praxias.
- Gnosias.
- Atención-concentración.



ORIENTACIÓN Á REALIDADE:

Obxetivos:


- Promover/manter a orientación temporal.
- Mellorar/manter a orientación espacial.
- Potenciar/manter a orientación persoal.
- Favorecer a orientación do entorno próximo.

Intervención:

- Faise un repaso diario da data (día da semana, día do mes, mes e ano), hora e o momento do día no que se atopan.
- Menciónase o lugar no que se encontran.
- Lense noticias de prensa e mírase o tempo meteorolóxico.
- Realízanse comparacións entre imaxes do pasado e presente.
- Elabórase unha árbore xenealóxica e historia de vida de cada persoa.
- Este ano incorporouse en Nadal un calendario de advento, no que cada día contiña un reto ou actividade diaria a desenrolar.
- Celébranse os días mundiais máis relevantes de cada mes.
- ...







Día do apóstol de Santiago



Día de San Valentín




Día mundial da radio



alendario de advento



Día mundial da
costureira



Día mundial da
xordeira



Día da muller



Vendima



Día dos santos
inocentes



Día mundial da
diabetes

MEMORIA:


Obxetivos:

- Promover/manter a memoria a longo prazo.
- Mellorar/manter a memoria de traballo e a curto prazo.

Intervención:

- Fanse preguntas sobre memoria recente, a curto prazo e a longo prazo.
- Exercicios grupais de memorizar unha serie de obxetos ou ingredientes dunha receita.
- Memory.
- Memorizar datos relevantes de pequenos textos que se len.
- “O teléfono estropeado”.
- “¿Quén son?”
- Resólvense refráns.
- Lévanse a cabo talleres temáticos sobre diferentes países, cidades ou temas de interese cultural como budismo ou outras relixións e culturas.
- ...





CÁLCULO:


Objetivos:

- Promover/manter o cálculo mental.
- Identificar correctamente os números.
- Optimizar a capacidade de resolver problemas matemáticos.

Intervención:

- Roleplaying de compra-venta con €.
- Realizar unha compra cun presupuesto determinado.
- “O prezo xusto”.
- O monopoly adaptado.
- Identificar os precios máis caros e máis baratos.
- Lectura e escritura de números.
- Resolución de operacións matemáticas simples e máis complexas.
- Resolver problemas matemáticos.
- Xogos de mesa: cartas, parchís, dominó, oca.
- ...





FUNCIÓN EXECUTIVAS:

Constitúen a base dun comportamento auto-controlado e flexible, necesario para unha boa adaptación funcional a entornos abertos e cambiantes.

Obxetivos:

- Mellorar a capacidade para resolver conflitos mentais e situacións problemáticas.
- Fortalecer a capacidade de secuenciar de forma ordeada as diferentes actividades diarias.
- Potenciar a planificación de tarefas.

Intervención:

- Propóñense diferentes solucións ante circunstancias problemáticas que poidan surtir no día a día.
- Secuencianse diferentes actividades diarias en subtarefas.
- Resólvense exercicios nos que se implique unha orde lóxica.
- Planifícanse actividades complexas como elaborar unha receita correctamente.
- ...





Pagar el pan



Salir de la panadería



Pedir el pan



Entrar en la panadería



PRAXIAS:

Consisten na habilidade para poñer en marcha programas motores de forma voluntaria e normalmente aprendidos.

Obxetivos:

- Mellorar a coordinación óculo-manual e espacial e as funcións visoconstructivas.
- Potenciar o coñecemento sobre a funcionalidade dos obxetos.
- Optimizar a funcionalidade do aparato bucofonador, no que se implica o control da tonicidade e coordinación dos músculos encargados da articulación e vocalización adecuadas.

Intervención:

- Mímica.
- Resólvense puzzles.
- Practícase o uso correcto de diferentes obxetos da vida cotiá.
- Seguimento de liñas e puntos escritos.
- Reálízanse fichas de debuxo con diferentes indicacións e pautas.
- Lévanse a cabo exercicios bucofonatorios e trabalenguas.
- ...





A B C D E F G
H I J K L M N
Ñ O P Q R S T
U V W X Y Z



LINGUAXE:

Obxetivos:

- Mellorar o uso de estratexias compensatorias que faciliten o acceso ó léxico.
- Fomentar a expresión verbal e non verbal.
- Promover a denominación e evocación de palabras.
- Potenciar/manter a escritura, a lectura e comprensión lectora.
- Favorecer a categorización de obxetos.

Intervención:

- Fanse exercicios de evocación, denominación e fluidez verbal.
- Lévese a cabo un taller de lectura e exercicios de lectoescritura.
- Sinónimos e antónimos.
- Noméanse e categorízanse obxetos.
- Palabras encadeadas.
- Resólvense definicións e adiviniñas.
- O xogo do tabú.
- Fórmanse palabras con letras.
- O xogo do aforcado.
- Interact.
- Crucigramas.
- ...



ATENCIÓN E CONCENTRACIÓN:

Obxetivos:

- Potenciar/manter os nivel de atención nunha actividade.
- Mellorar a atención selectiva.


Intervención:

- Bingo.
- Ditados.
- Colocación de obxetos seguindo un patrón.
- Seguir unha secuencia de números de forma ordeada.
- Buscar determinados obxetos nunha ficha.
- Sopas de letras.
- Sudokus.
- 3 en raia.
- Buscar diferencias.
- O xogo do lince.
- ...



Levembranzas

CENTROS DE DÍA




GNOSIAS:


Obxetivos:

- Promover o recoñecemento e denominación dos obxetos e estímulos visuais.
- Favorecer o recoñecemento de estímulos auditivos, olfativos, gustativos e táctiles.

Intervención:

- Trabállanse as gnosias visuais co xogo do “Vexo, vexo”.
- Búscanse obxetos ocultos nunha ficha.
- Fanse exercicios nos que se nomean diferentes obxetos.
- As gnosias auditivas trabállanse mediante a identificación de sons diarios.
- As gnosias táctiles estímúlanse a través do recoñecemento táctil de diferentes obxetos ocultos nunha caixa.
- As gnosias olfativas trabállanse empregando diferentes olores coñecidos que teñen que identificar.
- As gnosias gustativas estímúlanse probando diferentes sabores.





Terapias psicoafectivas

Obxetivos:

- Favorecer a evocación de recordos que impliquen un compoñente emocional.
- Recoñecer e comprender as diferentes emocións e sentimentos.

Intervención:

- Plantéxanse diferentes situacións e débátese cal sería a reacción emocional máis adecuada a cada caso.
- Asíciáanse diferentes caras expresivas ás súas emocións correspondentes.
- Talleres de benestar, coidado da imaxe e coidado corporal.
- Lévanse a cabo actividades musicais.
- Taller de reminiscencia.
- Taller audiovisual.
- Sesións de grupos de apoio.




REMINISCENCIA:


Obxetivos:

- Activar os aspectos memorísticos e emocionais dos recordos.
- Potenciar a memoria episódica e autobiográfica dos usuarios.
- Conservar a identidade da persoa.
- Fomentar a comunicación e relacións interpersoais.
- Incrementar a súa autoestima e sensación de benestar.

Intervención:

- Realízanse actividades nas que se empregan fotografías, vídeos, olores, música da súa época.
- Faise un taller de comunicación no que se comparten relatos sobre o seu pasado persoal e historia de vida, facendo alusión a acontecementos vitais importantes.
- Mensualmente desenrólase un taller de folclore creado polo pobo galego que incorpora tradicións típicas de Galicia dende fai anos.





GRUPO DE APOIO:

Obxetivos:

- Mellorar o estado de ánimo e adquirir un benestar emocional.
- Modificar o sistema de creencias e sentimentos negativos por uns máis realistas e positivos.
Favorecer o coñecemento dun mesmo e valorar os logros adquiridos durante a vida.

Intervención:

Periódicamente fanse grupos nos que as persoas conversan para axudarse e expresar dúbidas, medos e emocións derivadas da súa vivencia, co cal atópanse con outras persoas que pasaron polo mesmo e van a comprenderse entre sí. De este modo, intercámbianse vivencias e búscanse estratexias para facer fronte a un problema que provoca alteracións na súa vida cotiá .

Nestas sesións tamén se fai un bombardeo de cualidades e aspectos positivos de cada persoa.





TALLER MUSICOAFECTIVO:


Obxetivos:

- Adquirir un estado de benestar xeral, sobre todo emocional.
- Potenciar funcións cognitivas implicadas na música (atención, linguaxe, memoria, reminiscencia...).
- Activar a mobilidade física de todo o corpo e mellorar a coordinación.
- Favorecer as relacións entre compañeiros.

Intervención:

- Realízanse sesións grupais de música nas que se motiva ás persoas a cantar e realizar o ritmo das cancións co corpo ou tocando instrumentos de percusión.
- Tamén se baila e fanse diversas coreografías.





TALLER AUDIOVISUAL:

Obxetivos:

- Potenciar funcións cognitivas como atención, linguaxe, memoria e reminiscencia.
- Favorecer as habilidades de comunicación e relación interpersoais.
- Mellorar o estado de ánimo mediante a expresión emocional.

Intervención:

- Visualízanse vídeos sobre humoristas, actores e actrices da época do grupo de persoas, así como programas do inicio da televisión.
- Ábrense debates sobre a trama presente en cada vídeo, dando pé a comentar anécdotas persoais e recordos que van surxindo.



Combranzas

CENTROS DE DÍA



Terapias lúdicas e socializadoras

É unha técnica de tratamento específico na que se emprega o xogo como medio de intervención para mellorar a expresión e a comunicación entre os maiores. Dito de outro modo, búscase desenrolar habilidades sociais para poder relacionarse cun entorno que se torna a veces descoñecido.

A maiores, o uso do xogo como recurso terapéutico favorece que as persoas maiores desenrolen as súas habilidades físicas, tanto perceptivas como sensoriais, practicando habilidades e destrezas que xa posúen.



ERGOTERAPIA:

Consiste en realizar traballos manuais e plásticos, xogos de movemento e distintas actividades cotiás, seleccionadas especialmente polo seu valor físico, mental e emocional, é dicir, que sexan de interese para as persoas.

Obxetivos:

- Mellorar os trastornos corporais, cognitivos e psíquicos.
- Potenciar as habilidades manipulativas e motricidade fina.
- Manter un nivel adecuado de atención e concentración.
- Incrementar a motivación e implicación nas tarefas terapéuticas.
- Favorecer un estado de ánimo positivo e incrementar o sentimento de autovalía.

Intervención:

- Lévanse a cabo traballos manuais relacionadas con cada época do ano.
- Realízase un taller de pintura no que se incorporan diferentes técnicas. Este ano incorporouse o xogo do pictionary, no cal deben debuxar o que se lle indique para que os demais adiviñen.









ACTIVIDADES GRUPAIS DE INTERACCIÓN SOCIAL:

Obxetivos:

- Establecer e potenciar as relacións persoais e integración social entre compañeiros e outras persoas.
- Evitar a perda de habilidades sociais e de comunicación.
- Previr o illamento social.

Intervención:

Ofrécese o apoio preciso a cada persoa no que se refire á capacidade de relacionarse cos demais. Para elo lévanse a cabo actividades sociais como a celebración de cumpreanos, festas anuais e populares de cada época do ano, paseos, baile...





Entroido



Samain



Nadal



Nadal

TALLER DE TICS:

Obxetivos:

- Establecer e potenciar as relacións persoais e integración social entre compañeiros e outras persoas.
- Adquirir coñecemento e destrezas que favorecen a autonomía ante un mundo de tecnoloxías de comunicación en constante avance.
- Favorecer o acceso dixital a información de interese para cada persoa.
- Eliminar a brecha dixital xerada polo cambio na sociedade.

Intervención:

- Fanse videochamadas con outros colectivos de persoas para conversar e realizar xogos conxuntos. Este ano incorporamos un xogo de telepatía e adivinar sobre outra persoa para facilitar que se coñezan un pouco máis.
- Practícase a búsqueda de información relevante e noticias da sociedade.
- Búscase música e libros electrónicos de interese.
- ...

XOGO GRUPAL

- **ADIVINA:** Un participante do grupo de Vilagarcía colle unha carta e realiza unha pregunta. Outro participante do grupo de Cambados terá que escribir a resposta e os de Vilagarcía terán que adiviñar que escribiu.
- **¿QUE 'PRE FERIDES?':** Léese en voz alta a pregunta e os participantes responden.
- **TELEPATÍA:** A monitora formula un tema ou palabra e dous participantes (un de Vilagarcía e outro de Cambados) terán que cadral respondendo o mesmo.



CONCLUSIÓNS



Á luz do exposto anteriormente, cabe afirmar que o fin último de Lembranzas Centros de Día é o de mellorar a calidade de vida dos nosos usuarios/as e o das súas familias, e iso pasa por ofrecer servizos e programas terapéuticos.

En consecuencia, dados os obxectivos que perseguimos, pero tamén dos programas terapéutico-asistenciais que desenvolvemos, é obrigado suxerir que os nosos Centros de Día adáptense ao modelo exposto na presente memoria, có obxecto de distinguilos e de reivindicar a súa concepción, natureza e alcance na atención que os nosos maiores e os seus familiares demandan e requiren.

Outro aspecto importante dos nosos centros é a innovación e a mellora continua, que se promove tanto dende as responsables dos centros como de todo o equipo interdisciplinar que forma Lembranzas Centros de Día. De maneira permanente, estamos reflexionando para idear novos proxectos, actividades ou programas, que melloren a calidade de atención dos centros, ofrecendo aos/as usuarios/as actividades diferentes, atraentes e estimulantes.

